

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CENTRO GALEGO DE BARCELONA PARA REHABILITACIÓN DE ESPAZOS E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN PUNTO INFORMATIVO.

En Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2017

REUNIDOS:

Por unha parte, a **Axencia Turismo de Galicia**, e no seu nome e representación D^a María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, e polo artigo 19 dos ditos estatutos.

E doutra parte, o **Centro Galego de Barcelona**, e no seu nome e representación D. , na súa condición de Presidente, en virtude da aprobación da Xunta Directiva do 14.02.2017.

As partes, segundo interveñen recoñécense reciprocamente personalidade xurídica e capacidade legal necesaria para se obrigaren en dereito e,

EXPOÑEN:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo se establece no artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

De conformidade co disposto no artigo 9 dos seus Estatutos, a Axencia Turismo de Galicia ten entre as súas competencias e funcións a coordinación, o impulso, a xestión e a execución das

actividades de promoción turística interior e exterior públicas e público-privadas, así como os labores de información turística tanto a nivel nacional como internacional, directamente ou a través de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para a creación, coordinación e desenvolvemento destas accións de información e promoción turística interior e exterior.

Que no exercicio das súas funcións, lle corresponde executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que o Centro Galego de Barcelona é unha asociación de carácter sociocultural sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, que agrupa todas as persoas de Galicia que se atopen en Cataluña, así como todas aquelas persoas que compartan os fins.

Esta asociación fundouse o 7 de abril de 1892, denominándose posteriormente casa de Galicia de Barcelona o 11 de xaneiro de 1931, e recuperou o nome de Centro Galego de Barcelona o ano 1941.

O obxectivo do Centro Galego de Barcelona é fomentar o coñecemento de Galicia, da súa historia, xente, cultura, lingua, gastronomía e turismo, para o que manterá lazos culturais con esta terra.

Trátase do único Centro Galego de Barcelona, de importante raizame histórica, xa que, como quedou exposto, foi fundado en 1892. A súa sede atópase no piso do Conde Güell, un edificio emblemático localizado en pleno paseo das Ramblas, na zona de maior densidade de turistas de Barcelona e a escasos metros do Camiño de Santiago.

Todas estas razóns converteron ao Centro Galego de Barcelona no lugar de referencia de Cataluña para as persoas interesadas en coñecer Galicia e recibir información sobre o camiño de Santiago, incrementándose de ano en ano o número de persoas que o visitan co obxecto de solicitar documentación turística sobre Galicia. Ademais realiza numerosas actividades dedicadas a dar a coñecer e achegar a cultura galega aos residentes en Barcelona.

Cuarto.- Que a Axencia Turismo de Galicia, no exercicio das súas competencias, está interesada en apoiar ao Centro Galego de Barcelona, nas actuacións de rehabilitación dos

espazos na sede do Centro para a realización na sede de accións de promoción, e na posta en marcha un punto de información turística de Galicia, por tratarse dunha iniciativa de relevancia para a divulgación da oferta turística galega desde o exterior. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública, ao ser o único en Barcelona.

As partes, segundo interveñen recoñécense reciprocamente personalidade xurídica e capacidade legal necesaria para se obrigaren en dereito e, en virtude do anteriormente exposto acordan celebrar o presente convenio que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeiro.- Obxecto do convenio

O obxecto do convenio de colaboración é establecer as bases reguladoras da concesión directa dunha subvención por parte da Axencia Turismo de Galicia ao Centro Galego de Barcelona para financiar os custos das obras de rehabilitación de espazos na súa sede no piso do Conde Güell en Barcelona e para a posta en marcha dun punto informativo de Galicia no mesmo.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado total da actuación é de **347.766,51€**. Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia comprométese a achegar a contía de **347.766,51€** (100%), con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2017, 2018 e 2019, distribuídos do seguinte xeito:

- Con cargo a aplicación orzamentaria **04.A2.761A.781.0, 226.121,07€** para as obras de rehabilitación de espazos, na anualidade 2017.
- Con cargo a aplicación orzamentaria **04.A2.761A.481.0**, por importe total de 121.645,44€ para a posta en funcionamento do punto informativo, na anualidade 2017, 2018 e 2019, de acordo co seguinte desagregamento:

Ano 2017: 17.377,92

Ano 2018: 52.133,76 €

Ano 2019: 52.133,76 €

Na anualidade 2017 financiaranse 17.377,92 € correspondentes aos meses de setembro, outubro, novembro e decembro, e nas anualidades 2018 e 2019 financiaranse 52.133,76 € para cada unha delas.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento da subvención a favor do Centro Galego de Barcelona, en relación a cada unha das anualidades 2017, 2018 e 2019, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención. A contía máxima do pagamento virá representada pola contía efectivamente xustificada, sen que en ningún caso poida superarse o límite máximo previsto para cada anualidade.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2017 e o 15 de decembro de 2019**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

De conformidade co disposto no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, é gasto subvencionable o importe correspondente ao IVE, sempre que se acredite pola

entidade beneficiaria que este non é susceptible de recuperación nin de compensación pola mesma.

A entidade beneficiaria deberá destinar os bens aos fins concretos para os que se concede a subvención, durante un período mínimo de 5 anos, segundo se establece no artigo 29.4 da Lei de subvencións de Galicia, non considerándose incumprida a obriga de destino nos casos establecidos no apartado 5 do citado precepto.

Cuarta.- Compromisos do Centro Galego de Barcelona

O Centro Galego de Barcelona comprométese a cumprir as obrigas citadas no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en concreto as seguintes:

1. Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
2. Tramitar todas as licenzas e autorizacións pertinentes necesarias para executar a obra.
3. Incluír en toda a documentación, publicación, maqueta, páxina web e cartelería de obra que se realicen derivados do convenio, que os mesmos se realizan “coa colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia”, utilizando a marca turística Galicia regulada por Decreto 121/2011, de 16 de xuño.
4. Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia de acordo co previsto no parágrafo anterior.
5. Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Axencia de Turismo de Galicia, así coma calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, e achegar a información que estas entidades lle requiran.
6. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso.
7. Presentar declaración das axudas públicas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da

subvención, de conformidade co establecido no artigo 11 do apartado d), da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa solicitude de cobramento da subvención. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas, supere o custo total do proxecto.

8. Presentar, antes da sinatura deste convenio, a certificación acreditativa de de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

9. Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei. No caso de non atender o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

10. As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación total as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o Centro Galego de Barcelona para a

realización por si mesma da actividade subvencionada.

- a) A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.
- b) Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Centro Galego de Barcelona, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O Centro Galego de Barcelona será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.
- c) Os subcontratistas están obrigados a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

O beneficiario non poderá concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- d) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- e) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- f) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- g) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente, a través de resolución da persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, previa solicitude por escrito da entidade beneficiaria.
- h) Cando a actividade subcontratada sobrepase o 20% do importe da subvención e dito importe sexa superior a 60.000€, a subcontratación estará sometida ao disposto no artigo 27.3 da Lei de subvencións de Galicia. Aos efectos do previsto na letra b) desta alínea 3, a entidade beneficiaria deberá solicitar previamente a autorización da Axencia Turismo de Galicia para realizar a citada subcontratación, debendo resolverse pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Sétima. – Carácter das actuacións

As características das actuacións obxecto deste convenio son de interese xeral. O Centro Galego de Barcelona é o único destinatario posible desta axuda, non sendo posible promover a concorrência pública pola especificidade das características que debe cumprir a entidade destinataria da subvención (artigo 26.2 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

Oitava.- Xustificación

O prazo para xustificar por parte da entidade beneficiaria a aplicación dos fondos percibidos será o **15 de decembro dos anos 2017, 2018 e 2019**, polo que deberá remitir antes desa data a documentación requirida, todo iso conforme o artigo 28 da referida Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (rendición da conta xustificativa), incluíndo a documentación que acredite o detalle dos gastos pagados conforme á cláusula décimo primeira deste convenio.

A subvención será do importe máximo establecido na cláusula segunda. Esta contía minorarase proporcionalmente no caso de que o importe total dos gastos xustificadas sexa menor ao orzamento total, e sempre que se cumpra co seu obxecto.

O beneficiario deberá presentar a **documentación xustificativa** dos gastos e do seu pagamento de acordo co artigo 48 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia. A conta xustificativa conterá:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha **memoria económica xustificativa** do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue segundo un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.
 - b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
- c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- d) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.
- g) Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

Así mesmo, no caso das **obras de rehabilitación de espazos** achegárase certificación da obra realizada expedida pola empresa contratista, asinada polo director de obra, e conformada polo responsable que o Centro Galego de Barcelona nomee para o seguimento das obras.

O Centro Galego de Barcelona deberá remitir a Axencia Turismo de Galicia unha reportaxe fotográfica na que se constate o estado previo ao comenzo da obra e o resultado final unha vez executada a mesma, así como a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula cuarta.

O beneficiario deberá xustificar o procedemento utilizado en todas as contratacións realizadas das que se deriven gastos subvencionables por este convenio. En todo caso, o beneficiario deberá solicitar **como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben con suxeición ao artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por outro lado, o Centro Galego de Barcelona deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Ademais de presentarse coa xustificación, deberá acreditarse estar ao corrente das obrigas establecidas no parágrafo anterior, antes da sinatura do presente convenio.

A comunicación relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. A entidade beneficiaria quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Novena.- Pagamentos anticipado e a conta

Conforme ao artigo 63 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Axencia Turismo de Galicia poderá realizar, a solicitude do Centro Galego de Barcelona, un pagamento anticipado do 50% da subvención concedida, sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, para as **obras de rehabilitación de espazos** financiadas con cargo a aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0.

Así mesmo, poderá solicitar un pagamento anticipado con respecto á **posta en funcionamento do punto turístico**, financiada con cargo a aplicación orzamentaria 04.A2.761A.481.0, de ata

un 80 % sobre os primeiros 18.000,00 € e de un 10 € adicional sobre o importe que exceda dos 18.000,00 € e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Estes anticipos supoñerán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Conforme ao artigo 67.3 do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Centro Galego de Barcelona deberá constituír garantía con carácter previo á concesión do anticipo por importe do 110% da cantidade anticipada.

Poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pagamento, o Centro deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula oitava.

Para proceder aos pagamentos a conta con respecto ás **obras de rehabilitación de espazos**, o Centro Galego de Barcelona deberá enviar unha certificación da obra realizada expedida pola empresa contratista, asinada polo director de obra, e conformada polo responsable que o Centro Galego de Barcelona nomee para o seguimento das obras, xunto coa factura correspondente como xustificante do gasto, e acompañada dunha memoria xustificativa do director de obra e unha reportaxe fotográfica da obra realizada. Achegarase ademais documentación xustificativa que acredite o previo pagamento de todos os gastos que se xustifiquen, cos requisitos indicados na cláusula oitava.

Conforme ao artigo 67.3 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, o Centro Galego de Barcelona deberá constituír garantía con carácter previo á concesión do pagamento a conta, por importe do 110% da cantidade aboadas a conta.

O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagos anticipados previstos non superará o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Décima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2019.

Décimo primeira.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Fundación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo segunda.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación que implique o importe correspondente a cada anualidade implicará a tramitación do correspondente expediente de reaxuste de anualidades no expediente de gasto, de acordo co establecido no artigo 27 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo terceira.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto
 - O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
 - O acordo unánime dos asinantes.

Décimo cuarta.- Comisión de seguimento

Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio e resolva as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes, nomeados polos seus máximos responsables que se reunirá por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de

organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima quinta.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo sexta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 4.1 d), e recolle a concesión directa dunha subvención, polo que se rexerá, ademais do disposto nas súas cláusulas, pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, polo R.D. 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve nos seus preceptos declarados básicos, Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

A Axencia Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

A Directora de Turismo de Galicia

O Centro Galego de Barcelona

M^a Nava Castro Domínguez